

## II PREMIO DE COMPOSICIÓN MUSICAL “Compositores en Camiño”

A Fundación CEER, xunto coa *Orquestra da Universidade* de Santiago, promove na presente convocatoria a segunda edición do III PREMIO DE COMPOSICIÓN MUSICAL - “ **Compositores en Camiño**”

A convocatoria pretende fomentar e dar oportunidades á creación musical a estudantes de composición a través da presentación de propostas que, no caso de resultar seleccionadas, serían ensaiadas en aberto con o/as seleccionados/as e gravadas pola Orquestra da USC, ademais de estreadas dentro do proxecto Música en Camiño II, subvencionado polo Programa O Teu Xacobeo da Xunta de Galicia para a tempada 2020/21.

## BASES

Este proxecto ten por finalidade a participación e o fomento de oportunidades a futuros compositores e compositoras para a interpretación na creación sinfónica.

Cada aspirante poderá presentar unha única obra.

Os criterios aos que debe acollerse a presentación das obras son os seguintes:

1. Composicións orixinais para a ocasión, inéditas e que supoñan unha estrea absoluta. Non se aceptarán orquestracións doutros autores nin obras preexistentes.
2. Composicións creadas para orquestra de afeccionados (os seus integrantes comportan un nivel medio de 3º ciclo de grao profesional).
3. Composicións que se limiten á seguinte formación **como máximo**, podendo reducirse ao conveniente sen que perda carácter orquestral:

**2,2,2,2 – 4,3,3,1 - timb, 2 perc – corda**

**en detalle:**

Ventos: 2 (con piccolo opcional), 2 óboes, 2 clarinetes, 2 fagots, ata 4 cornos, 2 trompetas (+ 1 opcional), 3 trombóns (opcional), tuba (opcional) corda: 8 violíns I, 8 violíns II, 5 violas, 7 violonchelos, 3 contrabaixos. Percusión: máximo 3 (opcional todos os seguintes instrumentos: 2 tímpanos, bombo, lira, caixa, batería, vibráfono, xilófono, marimba, percusión e baixo (pratos, triángulo, pandeireta, castañolas, etc.)

Pódese incluír tamén narración.

4. Duración da obra presentada: entre 5 - 7 minutos.
5. Pode ter carácter didáctico, tanto para o grupo que interpreta como para o público.
6. A obra deberá ter carácter programático, o discurso programático deberá dividirse en seccións delimitadas baixo epígrafes que no momento de interpretarse serán proxectados para que o público asistente poida facer un seguimento da mesma.
7. A temática será en xeral sobre Santiago e o seu camiño, e poderá axustarse en particular ao camiño Inglés no seu caso xa que as obras serán interpretadas en emprazamentos ao longo deste camiño.
8. Valorarase axustarse á temática do proxecto Música en Camiño II descrito no **anexo I**
9. Poderanse presentar aqueles membros residentes na UE.
10. Non hai límite de idade.
11. Poderán presentarse anteriores gañadores de concursos previos organizados pola USC.
12. Presentación de candidaturas ata o 31 de xaneiro de 2021
13. As obras deben presentarse en **formato PDF** incluíndo: breve currículo da traxectoria e estudos realizados do/da presentado/a, partitura orquestral cunha breve memoria explicativa da peza (as *particellas* pediranse unha vez seleccionadas as obras premiadas cunha semana para seren entregadas) baixo o título de: **Compositores en Camiño 2020** ao enderezo electrónico de [orquestra.universidade@usc.es](mailto:orquestra.universidade@usc.es)  
No e-mail de solicitude deberase incluír nome e apelidos do presentado, así como unha fotocopia do DNI ou NIE. (Aos menores de idade que foran seleccionados requiriráselles documentación complementaria unha vez realizado o fallo).

## VEREDICTO

- Unha vez recibidas as obras, o Tribunal seleccionador reunirse para acometer veredicto e conclusións das obras seleccionadas que serán premiadas. Estas obras serán ata un máximo de dúas, podendo ser unha ou dúas ou mesmo considerar deserto o premio se non se consideran dentro das pautas sinaladas.
- O tribunal achegará conclusións aos premiados co fin didáctico para coñecemento do autor seleccionado.
- Coñeceranse o/s seleccionado/s durante o mes de febreiro, anunciando aos premiados de forma persoal e igualmente de forma pública nas diferentes canles dispoñibles pola Fundación CEER e Orquestra da USC.
- Unha vez resultado o veredicto e posto en coñecemento das persoas seleccionadas, estas terán ata un máximo de 7 días para presentar as *particellas* completas do plantel orquestral.
- O Tribunal Seleccionador estará formado polo Director da OUSC, Mario Diz, por un referente no eido da composición en Galicia, por un membro da comunidade Universitaria e por un membro da equipa da Área de Cultura da USC (este último con voz pero sen voto).

## PREMIOS

- As obras seleccionadas formalizarán o premio *Ex aequo* aos autores que comprende:
- Estrea absoluta en sendos concertos durante os meses de marzo e xuño de 2021, ademais de poder acudir sobre as seguintes premisas:
  - Ensaio pechados programados pola OUSC
  - Ensaio aberto a público no ensaio xeral antes do primeiro concerto da xira programada.
- Gravación das obras seleccionadas en audio e imaxe.
- Outorgaráselle aloxamento para dúas persoas no caso de ser seleccionada unha persoa residente fóra de Galicia.
- Outorgaráselle aloxamento ás persoas gañadoras naqueles concertos nos que a orquestra teña estada.

A Universidade de Santiago de Compostela e Orquestra da mesma resérvanse o dereito de modificar, cancelar ou engadir calquera consideración baixo criterio e sempre de acordo co tribunal participante así como os suxeitos de programación que poidan ter que ser modificados pode afectar a características descritas nas estreas, viaxes, concertos e modalidades de gravación.

## ANEXO I

### Eixos fundamentais do proxecto Música en Camiño II aos que as obras candidatas deberán atender.

No ano 2020 fará 250 anos do nacemento de Beethoven. Beethoven foi un autor de moi grande prestixio, un dos compositores máis interpretados incluso nos nosos días. Dáse a coincidencia de que, pola documentación existente, pódese asegurar que foi na Coruña o primeiro lugar onde se interpretou a súa música na Península Ibérica, arredor dos anos 1820-1823. O proxecto Música en Camiño II quere facerse eco desta circunstancia iniciando a serie de concertos nesta cidade e homenaxear ao mesmo tempo o Camiño Inglés referenciado pola vila Herculina.

Como se sabe, xa cando comezaba a despuntar como compositor, Beethoven comezou a perder audición. Nesta nova proposta, queremos tamén que a inclusión sexa un dos fíos condutores do proxecto, concretamente realizaremos concertos inclusivos para xente con xordeira, utilizando diferentes estratexias para convertelo nunha experiencia para todos e todas.

Outro dos pilares do proxecto, a composición, será nesta nova edición un proceso aberto, a través dun Concurso.

#### Eixos e obxectivos fundamentais do proxecto:

- Destacar a riqueza cultural vinculada ao Camiño Inglés.
- Iniciar un diálogo que relacione o Camiño, as creacións musicais históricas e a necesidade de inclusión no escenario da Europa actual.
- Desenvolver obras de nova creación que teñan como fonte de inspiración o Camiño de Santiago e o seu patrimonio.
- Realizar concertos en municipios pequenos do Camiño, como xeito de impulsar, visibilizar e desenvolver as áreas rurais do Camiño.
- Fomentar o coñecemento do Camiño entre os máis novos: concretamente a poboación universitaria, os/as estudantes implicados no proxecto e os/as concertistas da orquestra.
- A interpretación sinfónica da Orquestra da Universidade de Santiago de Compostela como orquestra de amadores na mocidade galega.
- A creación e estrea absoluta de música sinfónica relacionada co camiño de Santiago de Compostela
- A innovación e a inclusión coa realización de concertos inclusivos, aos que se convidará á comunidade de xordos das localidades destinatarias de eventos.
- A creación e oportunidade de estreas no alumnado da especialidade de composición de Galicia, resto de España e Portugal.
- Fomentar o diálogo entre as diferentes persoas que participarán no proxecto, así como o público participante.
- A celebración da efeméride de Ludwig Van Beethoven polo 250 aniversario do seu nacemento e a súa relación con Galicia.